

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 2 de decembro de 2011**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

**Invitado:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.00 horas do día dous de decembro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo (non asistiu).

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1394).- DAR CONTA DAS SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:**

**A)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 210/11 P.A. DEMANDANTE: D. CESAR OJEA PÉREZ. OBXECTO: INACTIVIDADE MUNICIPAL PLU, EXECUCIÓN FORZOSA. DECLARA A INADMISIÓN DO RECURSO POR EXTEMPORANEIDADE. EXPTE. 6848/111.**

**B)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 112/08 P.O. DEMANDANTE: ASOCIACION DE AFECTADOS -PARQUE**

**TECNOLÓXICO-. OBXECTO: REVERSIÓN DE BENS OBXECTO DE EXPROPIACIÓN FORZOSA. SENTENZA, QUE NON É FIRME, INADMITE O RECURSO POR FALLA DE LEXITIMACIÓN ACTIVA DA “ASOCIACIÓN DE AFECTADOS” DEMANDANTE (QUE NON SERÍA TITULAR DO EVENTUAL DEREITO DE REVERSIÓN). EXPTE. 4762/111.**

**C)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 280/11 P.A. DEMANDANTE: D. JOSE L. BENAVIDES GARCÍA. OBXECTO: MULTA COERCITIVA XMU. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6803/111.**

**D)SENTENZA DO TSX DE GALICIA, SALA C-A, SECCIÓN 2ª. RC-A 4389/1995 P.O. DEMANDANTE: D. EDUARDO CANABAL SANZ. OBXECTO: PERI I-02 JACINTO BENAVENTE. ESTIMATORIA PARCIAL (FFDD 4º E 5º). AUTO DO 25.10.2011. ARQUIVA O PROCEDEMENTO A RESULTAS DO INCIDENTE DE INEXECUTABILIDADE RESOLTO XA NO PO 4619/1996, POR SE LLE TER OUTORGADO LICENZA CONFORME AO PXOM ÁS OBRAS LEVADAS A CABO NESTE ÁMBITO. EXPTE. 4791/111.**

**E)SENTENZA DO TSX DE GALICIA, SALA DO C-A, SECCIÓN 2ª. RC-A 02/4642/2009 P.O. DEMANDANTE: D. ALFREDO RODRÍGUEZ VIDAL. OBXECTO: ACTO DO 29.10.06 DA CPTOP E T. PLU EN SAIÁNS, VILAVERDE, CONCELLO CODEMANDADO. ESTA SENTENZA, QUE NON É FIRME, ESTIMA O RECURSO E ANULA O ACTO POR CADUCIDADE DO PROCEDEMENTO. EXPTE. 5993/111.**

**F)SENTENZA DA AUDIENCIA NACIONAL, SALA DO C-A, SECCIÓN 2ª. RC-A 711/09 P.O. DEMANDANTE: CONCELLO DE VIGO. OBXECTO: RESOLUCIÓN 21.07.09 TE-A CENTRAL: INADMISIÓN DA ALZADA, SOBRE IVE. SENTENZA, QUE NON É FIRMA, DESESTIMA O NOSO RECURSO. EXPTE. 5558/111.**

**G)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 148/11 P.A. DEMANDANTE: AXA SEGUROS GENERALES, S.A. OBXECTO: ACCIDENTE DE CIRCULACIÓN. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6735/111.**

**H)SENTENZA DO TSX DE GALICIA, SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, SECCIÓN 2ª. RC-A 02/4239/08 P.O. DEMANDANTE: SALVEMOS PONTEVEDRA. OBXECTO: EDAR DO LAGARES. SENTENZA, QUE NON É FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 4629/111.**

**I)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 279/11 P.A. DEMANDANTE: AQUALIA. OBXECTO: RESOLUCIÓN 7.04.11 (EN REPOSICIÓN). SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6795/111.**

**L)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 304/11 P.A. DEMANDANTE: Dª MARÍA ERUNDINA RODRÍGUEZ CRESPO. OBXECTO: INACTIVIDADE MUNICIPAL OBRAS VIARIAS C. CARBALLAL. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6837/111.**

**M)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 300/11 P.A. DEMANDANTE: Dª KATIA FERNÁNDEZ MEIRIÑO. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6825/111.**

**N)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 329/11 P.A. DEMANDANTE: D. VICTOR M. GONZÁLEZ GONZÁLEZ. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 6.05.2011, CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6881/111.**

**Ñ)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 297/11 P.A. DEMANDANTE: Dª M.C. PAREDES EIROA. OBXECTO: CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6838/111.**

**O)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 303/11 P.A. DEMANDANTE: Dª MARIA MÉNDEZ CONDE. OBXECTO: CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. SENTENZA FIRME QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6830/111.**

**P)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 289/11 P.A. DEMANDANTE: D. MANUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ. OBXECTO: EXPEDIENTE DISCIPLINARIO. SENTENZA, QUE NON É FIRME, ESTIMA PARCIALMENTE O RECURSO CONDENANDO AO CONCELLO A RESOLVER DE FORMA EXPRESA SOBRE AS DENUNCIAS. EXPTE. 6818/111.**

**Q)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 215/11 P.A. DEMANDANTE: AXA S.G. S.A. E OUTRO. OBXECTO: ACCIDENTE VEHÍCULO, DESESTIMACIÓN PRESUNTA. ACEPTA O DESESTIMENTO DA ACTORA. EXPTE. 6836/111.**

**R)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 204/11 P.A. DEMANDANTE: D. J. ISAAC GONZÁLEZ PAZ. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME QUE ESTIMA O RECURSO E ANULA O ACTO. EXPTE. 6913/111.**

Acordo:

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido das devanditas sentenzas e autos.

**2(1395).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 1440/01 E 389/02.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de área de Benestar Social, do 21.11.11, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D<sup>a</sup> Irene Abalde Abalde. Expte. 1440/01.
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Angeles Fernández Rivera. Expte. 389/02.

**3(1396).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XGL E ANUNCIO DE NOVA CONVOCATORIA DA LICITACIÓN DO EXPEDIENTE. EXPTE. 12612/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 23.11.2011, conformado pola concelleira delegada da área de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º.- Rectificar o apartado 4º do punto 6º a orde do día da Xunta de Goberno de 30-09-2011 (- CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN AQS DOS COLEXIOS PÚBLICOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 12612/332.) que quedará redactado da forma seguinte:

“4º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, Diario Oficial de Galicia, Diario Oficial da Unión Europea e no Boletín Oficial do Estado”

2º.- Anunciar novamente a convocatoria do procedemento aberto para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

3º.- Notificarlles ós licitadores que teñen presentado ofertas no presente procedemento, o acordo de rectificación de erros materiais do prego, e concederlles un prazo de tres días para manifestar por escrito se manteñen ou retiran as ofertas presentadas”.

**4(1397).- DESESTIMACIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS. EXPTE. 18701/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Contratación e Novos Proxectos, do 22.11.2011, conformado pola concelleira delegada da área de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

“Desestima-los recursos de reposición interpostos pola UTE MARSH-CAMPOS Y RIAL (Doc núm. 110128768), e AON GIL Y CARVAJAL S.A.U. CORREDURÍA DE SEGUROS (Doc núm. 110136069), contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 16/09/2011 polo que adxudícase o contrato a B.V.C. ARTAI CORREDURÍAS DE SEGUROS,S.A., pola

inexistencia de arbitrariedade no informe de valoración das proposicións presentadas ó concurso do Xefe da Área de Investimentos de 23 de xuño de 2011 ó obxectivizar e motivar todos e cada un dos criterios de valoración das ofertas conforme ó establecido na Lei de Contratos do Sector Público e ós pregos reguladores do concurso celebrado.”

**5(1398).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A CONSTRUOIA, S.L. EXPTE. 3476/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 25.11.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a **CONSTRUOIA, S.L.** a fianza de 4.906€ constituída para responder das obras de construción de beirarrúas na rúa Macalo xa que foron recibidas mediante acta de 28.07.2010, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

**6(1399).- XUSTIFICACIÓN DE LIBRAMENTOS.**

Examinados os xustificantes de libramento remitidos por Intervención Xeral, co informe da xefa do servizo de Fiscalización, de data 25.11.2011, co conforme do interventor Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFICAC.	REINT.	S/FAVOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	11055298	300,00	253,41	46,59	----
BERNARDEZ GIL SELA	11056647	6.000,00	5.937,12	62,88	----
COMESAÑA ALEN JUAN RAMON	11061416	8.000,00	7.997,25	2,75	----
DÍAZ DE BUSTAMANTE Mª PILAR	11056645	400,00	311,90	88,10	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11067296	300,00	300,00	----	----
ESPADA RECAREY LUIS	11054726	1.000,00	944,22	55,78	----
ESPADA RECAREY LUIS	11054727	1.000,00	478,40	521,60	----
ESPADA RECAREY LUIS	11058914	17.999,00	15.335,92	2.663,08	----
GONZALEZ DOMINGUEZ LUZ Mª	11051953	238.710,00	238.710,00	----	----
GUTIERREZ ORUE FRANCISCO J.	11065054	300,00	300,00	----	----
GUTIERREZ ORUE FRANCISCO J.	11074536	180,00	171,00	9,00	----
LOPEZ MOURE JESUS	11054050	60.466,45	60.466,45	----	----
LOPEZ MOURE JESUS	11068969	12.500,00	12.500,00	----	----
MEDIERO RODRIGUEZ BELEN	11059876	1.500,00	1.499,30	0,70	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	11054730	6.000,00	5.885,17	114,83	----
VIEITES ALEN JOSE MANUEL	11068459	500,00	382,08	117,92	----
VIEITES ALEN JOSE MANUEL	11068462	310,11	112,20	197,91	----
VIEITES ALEN JOSE MANUEL	11068463	600,00	600,00	----	----

VIEITES ALEN JOSE MANUEL	11071801	1.200,00	1.200,00	----	----
<b>TOTAL</b>		357.265,56	353.384,42	3.881,14	,00

TOTAL XUSTIFICADO ..... 353.384,42.-

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

- a) Rendéronse no prazo establecido
- b) A conta está debidamente asinada e comprende debidamente relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.
- c) Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.
- d) Que os gastos concretos e determinados son adecuados ao fin para o que se entregaron os fondos e que se acredita a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos.

Facer constar sen embargo que nalgúns casos non queda acreditada a realización material do pagamento ao acredor da factura ou xustificante.

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ao mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

**7(1400).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á CONSTRUCTORA EDISERPO, S.L., CON MOTIVO DA RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRA NA R/ LEPANTO.EXPTE. 81420/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe-proposta da xefa do servizo de Transportes, do 7.11.2011, conformado polo concelleiro da área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 10 de agosto de 2011 por CONSTRUCTORA EDISERPO, S.L. con NIF B-36263564, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa LEPANTO por non producirse danos.

**8(1401).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL DE D. ELADIO PUENTES RODRÍGUEZ, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE 2011. EXPTE. 22544/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 24.11.2011, conformado pola xefa do servizo de

Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención de data 25.11.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial condutor, aboaráselle a don Eladio Puentes Rodríguez, segundo relación que se achega, por un importe de 74,36 €, correspondentes ó 3º trimestre de 2011 e con cargo ao RC nº 7354 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

**9(1402).- RECURSOS DE ALZADA CONTRA ACORDOS ÓRGANO DE SELECCIÓN OEP 2008 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A DE ADMÓN. XERAL. EXPTE. 22559/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe-proposta do secretario do Órgano de Selección OEP 2008, do 28.11.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

“UNICO: Desestimar os recursos de alzada interpostos por Dª María del Carmen Lorenzo Prado, Dª Silvia Camacho Cascajo e D. Oscar Manuel Núñez Rois, contra a resolución do órgano de Selección encargado de vulga-las probas selectivas e da proposta de nomeamento como funcionario de carreira de tres prazas de ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, quenda libre, reservándose unha delas para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, pola que se establecían as puntuacións obtidas no primeiro exercicio, ao estimar que a realización e cualificación do exercicio non se desenvolveu coas garantías legalmente esixibles ao no terse respectado o anonimato dos exames, por canto o Órgano de Selección, actuou na corrección deste primeiro exame tipo test de forma totalmente anónima como así quedou reflectido na Acta de data 24 de outubro de 2011.”

**10(1403).- AUTORIZAR Á ENTIDADE SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL POSTAL S.L. A PRACTICA DAS NOTIFICACIÓNS DO CONTRATO DE SERVICIOS DE COLABORACIÓN NOS PROCEDEMENTOS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO DOS INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO. EXPTE 11390/541.**

Retirouse da orde do día.

**11(1404).- OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA MANUEL ALVAREZ. SOLICITUDE DE PRÓRROGA, 3ª. EXPTE. 1164/440.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe-proposta do xefe da área de Fomento, do 28.11.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Ampliar o prazo de execución das obras “Ordinarias de Urbanización da Rúa

Manuel Álvarez” en catro meses, pasando a ser o novo prazo de finalización das mesmas o vindeiro 27 de xaneiro de 2012, non significando incremento algún sobre o importe de adxudicación da obra.

**12(1405).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A D. JOSÉ RODRÍGUEZ GARCÍA, POR CANALIZACIÓN EN GARCIA BARBÓN-ROUPEIRO. EXPTE. 64546/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe-proposta do enxeñeiro de Vías e Obras, do 18.11.2011, conformado polo concelleiro delegado da área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución do aval solicitado por importe de 1.246,50 euros ( mil douscentos corenta e seis con cincuenta céntimos ) a favor de José Rodríguez García.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

**13(1406).- MONTAXE DUNHA PISTA DE XEO NA AVDA. CASTELAO, POLA EMPRESA PRIME TIME ORGANIZACIÓN DE EVENTOS Y PUBLICIDAD S.L., ENTRE O 2.12.2011 E O 14.01.2012. EXPTE. 8178/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Administración Xeral da Alcaldía, do 30.11.2011, conformado polo Sr. Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

**Primeiro:** Autorizar a montaxe dunha pista de Xeo de 30x16m , baixo unha carpa de 40x20 m na avenida Castelao, á empresa **Prime Time organización de eventos y publicidad S.L.**(cif:B-27706258), durante o período comprendido entre o 2 de decembro de 2011 e o 14 de xaneiro de 2012, en base as especificacións técnicas que constan no presente expediente.

**Segundo:** A empresa Prime Time Organización de Eventos y Publicidad S.L. (cif:B-27706258), responsabilizarse de cumprir todos os requisitos técnicos así como de seguridade necesarios para as actividades previstas no programa.

**14(1407).- CONTRATACIÓN DUNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVA QUE SERÁ ADSCRITA AO VALEDOR DO CIADÁN. EXPTE. 22513/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.



Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 11.11.2011, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención do 30.11.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Ampliar os acordos de determinación e réxime do persoal eventual, incluíndo un novo posto coa categoría retributiva de auxiliar coas retribucións brutas anuais de 21.473,48 €, que será adscrito ao Valedor do Cidadán.

Segundo.- As características e o réxime xurídico do posto mencionado serán idénticas ás indicadas nos acordos de datas 17 de xuño e 22 de xullo de 2011.”

**15(1408).- NOMEAMENTO DUN/HA FUNCIONARIO/A INTERINO/A POR SUBSTITUCIÓN DA TITULAR DUN POSTO DE DIPLOMADO EN TRABALLO SOCIAL, ADSCRITA AO SERVIZO DE IGUALDADE. EXPTE. 22551/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 18.11.2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 30.11.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por substitución da titular dun posto de diplomado/a en traballo social adscrita ao Servizo de Igualdade, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, polo período no que dure a situación de baixa por maternidade da titular do posto de Diplomado en Traballo Social adscrita ao Servizo de Igualdade, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, que en todo caso non poderá superar o límite máximo do 31 de agosto de 2012, xustificada nas necesidades do Servizo de Igualdade, contidas no seu escrito de data 21 de outubro de 2011.

Segundo.- Nomear funcionaria interina por substitución da Diplomada en Traballo Social a D<sup>a</sup>. Amalia M<sup>a</sup>. Gándara Fernández, nº persoal 78124, ao abeiro do exposto no artigo 10.1 .b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, mentres dure a situación de baixa por maternidade e os permisos que deriven de dita situación, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, que en todo caso non superará o 31 de agosto de 2012, a D<sup>a</sup>. PATRICIA FERNÁNDEZ CAMBRA, DNI 77.005.279-Z como diplomada en traballo social, por un período máximo de nove meses, ao ser a seguinte aspirante que superou tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Diplomados/as en Traballo Social por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do EBEP, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro do 2008 e na Instrución conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de

persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Terceiro.- Autoriza-lo gasto por importe de 15.250,63€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00- outras modalidades de contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Cuarto.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no art. 10.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando se incorpore ao seu posto de traballo a titular do posto de traballadora social, unha vez rematada a súa baixa por maternidade, que en todo caso, non superará o 31 de agosto de 2012. nos termos legalmente previstos.”

**16(1409).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DUN/HA AUXILIAR DE LABORATORIO PARA CEDRO. EXPTE. 22550/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 23.11.2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 30.11.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento dun/dunha funcionario/a por acumulación de tarefas, como auxiliar de laboratorio, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Unidade asistencial de drogodencias (CEDRO), contidas no escrito de data 7 de novembro de 2011 subscrito polo Xefe da Área e conformado pola Concelleira-delegada de Cultura, Festas e Política de Benestar.

Segundo.- Nomear funcionaria interina por acumulación de tarefas como Auxiliar de Laboratorio por un período máximo de seis meses, á D<sup>a</sup>. SUSANA CASAL GARCÍA, DNI 36.154.979-Z, aspirante que superou todos os exercicios do derradeiro proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de auxiliares de laboratorio por acumulación de tarefas autorizada pola Xunta de Goberno Local de data 19 de abril de 2010, (por ter rexeitado a primeira das ditas aspirantes o presente nomeamento) de conformidade coas bases da mesma e a Instrución conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Terceiro.- Autoriza-lo gasto por importe de 17.315,10€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00-outras modalidades de contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Cuarto.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos.

**17(1410).- BASES DE PARTICIPACIÓN CORRESPONDENTES AO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS” 2011-12, PARA ACOMPAÑAMENTO AOS REIS MAGOS NA COMITIVA REAL DA CABALGATA DE REIS 2012. EXPTE. 4316/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do servizo de Festas, do 30.11.2011, conformado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, e co informe xurídico do secretario da Administración Municipal do 1.12.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

“Que se aproben as Bases de participación que se achegan no expediente correspondentes ao concurso “Vente cos Reis Magos” 2011-12, e que teñen por obxecto seleccionar a corenta nenos/as para acompañar aos Reis Magos na comitiva real da Cabalgata de Reis 2012”.

**BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS” 2011-2012.**

1. O obxecto deste concurso é seleccionar a corenta nenos o nenas para acompañar os Reis Magos, na Cabalgata de Reis, que terá lugar na nosa cidade o día 5 de xaneiro de 2012. Os nenos/as serán repartidos en grupos de dez nas tres carrozas reais e unha do Paxe Real.
2. Neste concurso poderán participar todos os nenos e nenas da cidade que o desexen; a única limitación por motivos de seguridade será a idade: só poderán participar aqueles nados entre o 1 de xaneiro de 1999 e o 31 de decembro de 2003, ambos inclusive. Así mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso.
3. Para participar só será necesario cubrir o boletín de inscrición que poderán recoller na oficina de Información da lonxa da Casa do Concello. Só se aceptará un boletín por neno/a, sendo eliminados do concurso aqueles que presenten máis dun.
4. As inscricións depositaranse nas caixas de correos do Carteiro real que se instalarán na Lonxa da Casa do Concello e nos Centros cívicos de Teis, Casco Vello, Coruxo e Saiáns. O prazo de inscrición comezará o día 15 de decembro e finalizará ás 20:00 horas do día 20 de decembro de 2011.
5. O sorteo realizarase o día 22 de decembro de 2011, ás 12:00 horas, na Casa do Concello.
6. No sorteo, ademais dos nenos e nenas seleccionados/as, sacaranse un total de doce suplentes para cubrir posibles baixas ou renuncias.
7. Os pais, nais ou titores dos nenos e nenas agraciados no sorteo deberán, trala comunicación da Concellaría de Festas, asinar a pertinente autorización e acreditar, mediante a presentación do libro de familia, non só a idade senón, a paternidade ou maternidade, ou titoría, no seu caso. De ser o caso, poderán asinar a renuncia.
8. O Concello de Vigo ofreceralles ós nenos e nenas seleccionados un disfraz, que entregarán unha vez finalizada a cabalgata.

9. O Concello de Vigo disporá dunha póliza que cubra a responsabilidade civil polos danos que os nenos ou nenas puidesen sufrir ou provocar con ocasión desta acción.

10. A concelleira de Festas queda facultada para resolver as posibles eventualidades que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.

**18(1411).- ROGOS E PREGUNTAS.**

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9.15 h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.